

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS. APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO ATA COBERTURA DE VACANTE, DUN/DUNHA TÉCNICO DE EDUCACIÓN

EXPEDIENTE: 2019/G003/002000

ANTECEDENTES

1.- Mediante Decreto 1906/2019, do 8 de xullo, acordouse aprobar a lista definitiva de admitidos no proceso selectivo para a selección e nomeamento como funcionario interino/a ata a cobertura de vacante, dun/dunha técnico de educación, pertencente á escala de administración xeral, subescala técnica, clase superior, subgrupo A1.

2.- Con data do 12 de xullo do 2019 constatouse un erro na relación aprobada, ao terse omitido unha solicitude, concretamente a presentada por Cristina Salgado Pato, con DNI **4586**R, o día 30 de maio do 2019 no rexistro do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ourense, e remitido ao Concello de Ames mediante o sistema de interconexión de rexistros (RI. 2019/13677). A solicitante presentou a súa solicitude dentro do prazo previsto para a presentación de solicitudes e achegou a documentación completa.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

De conformidade con art. 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas das administracións públicas “as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

A este respecto, sinala o Tribunal Supremo (Sentenzas de 27 de febreiro de 1990, 28 de setembro y 14 de decembro de 1992), que o erro material, de feito ou aritmético, susceptible de corrección pola vía do artigo 105.2 da Lei de Procedemento Administrativo Común (idéntico ao actual art. 109 da lei 39/2015), se caracteriza por ser ostensible, manifesto e indiscutible, implicando por si so a evidencia do mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos, e exteriorizándose “prima facie” pola súa mera contemplación, polo que require, en definitiva, que concorran as seguintes circunstancias:

- 1.- Que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, operacións aritméticas ou transcritións de documentos;
- 2.- Que o erro se aprecie tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo no que se advirta;
- 3.- Que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables. En sentido negativo se indica:
 - a) Que non se proceda de oficio á revisión de oficio de actos administrativos firmes e consentidos;
 - b) Que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto, pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica;
 - c) Que non padeza a subsistencia do acto administrativo, e dicir, que non se xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose

C.I.F.: P - 1500200 - I

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 12/07/2019 13:43:00)

Concepción Vilas Cantelar

(FECHA: 12/07/2019 12:53:00)

Decreto Nº: 1954/2019 - Fecha de decreto: 12/07/2019

Concepción Vilas Cantelar

Concepción Vilas Cantelar

Concepción Vilas Cantelar

Concepción Vilas Cantelar

Concepción Vilas Cantelar

un novo sobre bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ten que mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a administración, so pretexto da súa potestade rectificadora de oficio, encubrir unha auténtica revisión, porque entrañaría un fraude de lei constitutivo de desviación de poder.

Polo tanto, é evidente que por parte desta Administración cometeuse un erro, e que o erro cometido na redacción do Decreto 1906/2019 cumpre os requisitos sinalados no artigo 109 da Lei 39/2015 e da xurisprudencia do Tribunal Supremo, polo que debe procederse á corrección de oficio do mesmo.

Polo exposto, no uso das atribucións que me outorga a lexislación de réxime local, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Rectificar o Decreto 1906/2019, do 8 de xullo, incluíndo na lista definitiva de admitidos no proceso selectivo a Cristina Salgado Pato, quedando en consecuencia como sigue:

ADMITIDOS	
Agrafojo Manteiga, María Belén	**2973**B
Barreiro Meijide, Borja	**8177**B
Cabaleiro Val, M. ^a Beatriz	**6484**V
Calvo Míguez, Olalla	**8705**N
Carbia Mosquera, Noelia	**9088**J
Castro Fernández, María Inés	**8256**Z
Conde Lois, Patricia	**8217**H
Conde Vieites, María	**3019**E
García Agrelo, Rosa Isabel	**9656**V
García Mirás, Lucía	**8409**P
González Gómez, Mónica	**7772**C
Gómez Vázquez, Zara	**1968**Z
González Vecín, Beatriz	**8325**A
Leal Sánchez, Miriam	**9098**D
Lesquereux Martínez, Irene	**1476**F
Lojo Formoso, Manuel Jesús	**3272**E
Lueiro Busto, Sergio	**8122**R
Matos Saavedra, Aroa	**8498**E
Otero Diz, Sonia	**1194**F
Otero Pereira, Cristina	**8033**H
Parente Moreira, Erica	**8477**K
Quintáns Ríos, Francisco Gabriel	**8127**J
Rey Fajín, Noelia	**8054**A
Rodríguez Borges, M. ^a Cecilia	**3147**D
Rodríguez Estévez, Irene	**8977**F
Rodríguez Juncal, Fátima	**8419**T
Rubio Crespo, Aranzazu	**1467**S
Ruiz Cano, María Encarnación	**7219**C
Salgado Pato, Cristina	**4586**R
Vázquez Bermúdez, María José	**7827**C
Vázquez Castro, Elisabet	**9052**R
Vispo Caamaño, José Antonio	**8442**L

SEGUNDO.- Notifíquese aos interesados no procedemento con indicación do réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria accidental

Concepción Vilas Cantelar